

BOLOS CELTAS NAS ESCOLAS

CURSO DE FORMACION DE BOLO CELTA

1. ORIXEN DOS BOLOS

1. Referencias arqueolóxicas
2. Pedras de xogo

2. HISTORIA

1. Historia de xogo de bolos
2. Distintas variantes de xogos de bolos
3. Diferencias e coincidencias con outros xogos de bolos

3. EVOLUCION

1. Vocabulario
2. O xogo
3. Zonas donde se practica o xogo dos bolos

4. RECUPERACION

1. Modalidades que mais se xogan
2. Modalidades que menos se xogan
3. Modalidades en perigo de extinción
4. Necesidade da súa recuperación

5. REGULAMENTOS DE BOLOS EN GALICIA

1. Bolo Miñor

6. PRACTICAS DO XOGO

1

**ORIXEN
DOS
BOLOS**

1. REFERENCIAS ARQUEOLOGICAS

REFERENCIAS ARQUEOLÓGICAS


Os homes da Idade de Pedra xa practicaban o tiro de cantos, máis ou menos redondos, contra ósos de animais que simulaban birlos.



A civilización exipcia é unha das máis antigas das que se ten rexistro e a maioría das persoas coñece polas súas pirámides ou figuras como Cleopatra. Os antigos exipcios, que dominaron o val do Nilo por 3 mil anos xa xogaban aos birlos ou xogos similares aos de hoxe en día.



Grandes rochas e seixos rodábanse cara pedras puntiagudas e articulacións de ovellas, que servían de bolos. Pódese afirmar isto por artefactos atopados desta idade.



O lanzamento é unha habilidade básica , xunto con correr, trepar, saltar e xirar. ¿Quen non se atopou con pedras de pequeno ou non tan pequeno, e a primeira reacción foi collelas e lanzalas? Esta habilidade ademáis, era fundamental para cazar. Da súa puntería, dependía as veces a súa vida. Os lanzamentos de puntería e precisión, teñen un compoñente atávico de supervivencia, pero como tamén se sabe, o humano é un ser lúdico. O historiador Huizinga,J. escribiu un libro "Homo ludens" (1938), onde expón a esencia e natureza lúdica humana. Polo que á necesidade de supervivencia, tamén se lle engade o compoñente de fruición.

Primeiro adestrárase para a caza, pero tamén se derivaría a unha habilidade de recreación e lecer.

En Malasia :

No museo de San Diego (California, EEUU), existe información sobre un xogo que practicaban os polinesios, no que se derrubaban pequenos bolos elípticos e redondos, cuns discos planos de pedra de 10 cms de diámetro. Para o lanzamento, había unha norma chamada "ula mayka" que obrigaba a lanzar a 60 pés de distancia.

En Turquía:

Descubrírose bólas de pedra, na localidade turca de Catal Huyuk,que datan do 7000 a. C.

Un arqueólogo inglés, Sir Flinders Petrie, en 1895, nunha tumba en Naraga, Exipto, atopou obxectos similares aos bolos e unhas bólas. Atoparon 9 obxectos con forma de vasos de alabastro e 4 bólas de porfidio branco e negro, cunha antigüidade de 5.200 anos a.C.

Según afirma Bescós (1953) " Este xogo tivo a súa orixe na máis remota antigüidade. Quizais antes de que se edificaran as pirámides, se coñecera polos exipcios; en todo caso parece seguro que os habitantes da conca do Nilo o practicaban no ano 5.200 a.C. Cabe no posible que de Exipto se divulgara aos vellos pobos mediterráneos."



Un equipo de arqueólogos italianos descubriron recentemente (no 2007) en Exipto na zona de Kom Madi, na provincia de Al Faiyum, unha sala similar a unha boleira, e que data da dinastía grecorromana dos Ptolomeos (332 a.C.-30 d.C.).

A sala sin teito e cun chan cuberto con bloques de granito, ten un carril de 20cm de profundidade e na súa parte central presenta un burato cadrado. No mesmo lugar, atoparon dúas bolas de granito pulido.

Na foto feita por Edda Bresciani, que tes ao carón, móstrase este descubrimento. O que nos amosa, que si que existía un xogo similar aos bolos, nesta civilización. E que perdurou, pois estes dous achados, están bastante afastados no tempo.

O etnólogo vasco Telesforo de Aranzadi, tras estudar a bola de agarradera propia do País Vasco, di que, pola área xeográfica que abarca, este xogo. Desde Asturias a Suiza, e desde o Ebro a Holanda é patrimonio celta ou precelta. Esquece Galicia.

A falta de probas desta teoría, sobre a orixe celta, fai que os investigadores a consideren como pouco probable.

Grecia:

Entre os escritos dun médico grego que viviu no 300 a.C., chamado Oribaso de Pérgamo, consérvase a descrición dun xogo que practicaban os anciáns. Estes, reuníanse, rodeábanse de escolares un día determinado no *gymnasium*, e competían en tirar bólas de diferentes tamaños. Grunfeld (1978) opina que sen dúbida este, foi o precursor dos xogos que se practican hoxe en día baixo o nome xenérico de bólas, petanca, bochas e bolos.

O médico Hipócrates, recomendaba no s. III a.C. como exercicio un xogo de bólas.

Athenaus menciona que no s. II a.C. coñecía-se un xogo parecido aos bolos, no que se lanzaban pedras a un obxecto.

Na Odisea de Homero do s. IX a.C., no primeiro libro, relátase que os pretendentes á man de Penélope, entretiñan a espera con varios xogos, entre eles o xogo de bolos.

Roma:

Os romanos embebéronse da cultura grega, e polo tanto tamén dos seus xogos, os descritos anteriormente.

Tamén apareceron xogos coma "o piquet", un xogo no que se cravaban no chan estacas e se lanzaba a derribalas. E o xogo dos madeiros, en latín "trunculorum ludus", que se xogaba na época do César. De feito Suetonio no s. II d.C. fálanos de César, como xogador de bolos.

Dinos Espinosa (1987), que entre as costumes dos romanos estaba a seguinte " Despois de espirse, os homes podían bañarse ou facer exercicios na palestra, onde se practicaban diversos xogos. O máis popular era unha especie de bolos que se xogaban nunha avenida pavimentada, xunto á piscina grande".

Polo tanto, esta é unha das teorías sobre a orixe dos bolos. Pode ser probable que estes xogos de bolos e bólas, se expandisen co imperio romano, coma un costume máis do proceso de romanización. De tódolos xeitos, esta, tampouco é a teoría máis respaldada polos investigadores.

No século IV os xermanos, levaban un pau, que recibía o nome de Kegel, e servía como utensilio de traballo ademais de para defenderse. Era un pau , de forma máis ou menos cónica.

Os monxes e relixiosos, facían un rito relixioso ao que chamaban Heidenwerfen, ou destrución dos paganos. "Heide" significa ateo.

Personificábase no Kegel, o mal, o pagano. Neste rito, colocábase o kegel no chan, e a unha certa distancia, había que derrubalo mediante lanzamento de pedras, máis ou menos redondas. O lugar onde se practicaba, era nas igrexas, probablemente nos claustros.

Neste rito derrubar o kegel, era derrubar o heide, o mal, o demo, o pagano.

Esta é outra teoría da orixe do xogo dos bolos que chegaron ata os nosos días. Este rito que se iniciou nas igrexas, probablemente evolucionou adquirindo o carácter de divertimento, e perdendo a connotación relixiosa, xogándose fóra das igrexas, e evolucionando tamén nos seus materiais, pasando de pedras a bólas ademais de evolucionar no número de bolos.

Existe un gravado do 600 d.C. que se chama " Escenas de xogos no paraíso da chuva", da América precolombina, en Teotihuacán (México), no que se poden ver xogos de pelota, reptación, bolos e natación.

Este dato é unha constatación da universalidade do xogo de bolos, ou xogos similares a el, pois como estamos a ver, este xogo apareceu en sitios tan distintos e lonxanos coma Malasia, Turquía, Exipto, Grecia, Roma, a América precolombina... e seguramente apareceu noutros lugares da xeografía, a pesar de non ter probas ao respecto, pois o homo ludens sente atracción polos xogos de lanzamentos de precisión .

As peregrinaxes a Santiago de Compostela, iniciáronse no s.X. Este feito histórico é moi relevante, e Ruiz (2000) e outros investigadores, dan como a tese máis probable, que os bolos que coñecemos hoxe en día, fosen introducidos en España a través do Camiño de Santiago polos peregrinos estranxeiros, e que comenzaran a xogarse no noso país, no s.XI.

Existen nestes séculos, tres factores moi importantes, según Braun (1984) na transmisión de costumes europeas, en España, que seguramente introducirían o xogo de bolos. E estes factores son:

O camiño de Santiago:

Chegaron a través dos distintos Camiños que levaban a Santiago de Compostela, moitos peregrinos desde Europa. Fundamentalmente de Francia.

A evolución da industria textil no s. XIV:

Chegaron a Castela gran número de artesáns flamencos e holandeses.

As dinastías francesas ubicadas no reino de Navarra e Aragón a finais do s. XIV e s.XV.

Houbo un gran intercambio cultural debido a estes factores, que foron fundamentais para a introducción do xogo de bolos en España. Esta xente traía os seus costumes, xogos, divertimentos. No s. XII, xa se xogaba en Alemaña ao "kegel" e as súas variantes, e en Francia ao "jeu de quilles" e outros xogos de bolos. Polo que chegarían a España e practicaríanse, chegando a formar parte tamén dos entretementos dos españois, coas súas evolucións. E no s. XIII xa é un xogo popular.

A primeira referencia literaria en España sobre o xogo de bolos aparece no s.XV, nun poema de Lucas Fernández, recollido por Fernández de Gamboa que di:

" Haré de tus huesos birlos

Deshosart he pieza a pieza

y bola de tu cabeza"

Inícianse as prohibicións a este xogo, que era moi popular sobre todo en Alemaña, Francia e Inglaterra. As prohibicións eran desde ordenanzas, leis, a ordes reais.

O extremo das prohibicións foi, a do rei Ricardo II , en Inglaterra no 1386, pois chegou a castigar coa morte a aqueles que xogaran aos bolos.

Nestes países a maioría das prohibicións, supoñían multas. Os argumentos para as prohibicións eran que se desatendían os quefaceres diarios, ou porque se producían apostas e liortas arredor do xogo, ou porque se desatendía a formación militar, que naqueles tempos era tan importante.

Pero estas non serviron para que o xogo desaparecera, e no s. XV, van declinando. Facéndose cada vez máis popular e aceptado, e convértese nunha parte importante da vida social e dos festexos populares.

Non podemos esquecer de novo un feito relixioso trascendental, na evolución do xogo de bolos. A reforma protestante de Martín Lutero en Alemaña no s. XVI. Lutero era aficionado do Kegel, que evolucionara a un número diferente de bolos sen determinar, habendo xogos desde 3 paus ou bolos, ata outros con 16. Foi Lutero o que asignou o número de 9 bolos para o xogo do kegel. Naceu así unha nova modalidade, moi aceptada e extendida en Alemaña, Holanda e Inglaterra, nomeándose como modalidade estilo holandés. A relixión volve a ser un vehículo para a evolución deste xogo, pois os países de relixión protestante adoptarían esta modalidade, que tamén chegou a España.

Na literatura, aparecen xa bastantes alusións ao xogo de bolos, por exemplo no Don Quixote (s.XVII) de Cervantes, aparecen este texto, en referencia ao xogo:

"... Basilio, que no tiene tantos bienes de fortuna como de naturaleza, pues si va a decir las verdades sin envidia, él es el más ágil mancebo que conocemos, gran tirador de barra, luchador extremado y gran jugador de pelota; corre como un gamo, salta más que una cabra, birla a los bolos como por encantamiento".

Tamén aparecen descritos noutras obras de Cervantes, así coma en obras de Lope de Vega, Mateo Alemán, Quevedo, Juan Caro, entre outros.

No Museo da Catedral de Santiago, atópanse dous tapices moi valiosos, que representan o xogo tradicional e popular dos bolos. O autor dos lenzos nos que se baseaban estes tapices foi David Teniers II, o xoven (1610-1690). Este pintor flamenco, pintaba esceas costumbristas da época, coma o cadro "Xogo de Bolos", o que nos indica que este xogo, estaba moi enraizado na vida daquela época. que reflicte a modalidade estilo holandés, , con 9 bolos colocados en tres filas, e con lanzamento de fase aérea



Os tapices que están na catedral, según fontes do museo, probablemente se trouxeron dos talleres de Lille (Francia) para a Real Fábrica de tapices de Santa Bárbara (Madrid), fundada no 1721 por impulso do rey Felipe V, para servir de exemplo, aos traballos que se realizarían por parte dos tecedores noveis, desta fábrica de tapices.

O xogo dos bolos, era un xogo moi extendido en Europa, e formaba parte do seu patrimonio lúdico e cultural. E aquí está unha proba testemuñal, clara e evidente: os tapices do Museo da Catedral de Santiago.



Os bolos chegan ao novo mundo, a América, a través dos emigrantes holandeses, entre o 1623 e o 1626, en concreto á cidade de Nova York.

Ao principio xogábase sobre céspede. E o xogo foi evolucionando, sendo no 1830 cando nace o bowling, con 10 bolos en pista, tal e como o coñecemos hoxe en día.

En 1901, celébrase o 1º campionato norteamericano de bowling, convertíndose nun deporte de masas moi popular en América e por todo o mundo.

Jovellanos, figura moi importante para a historia da Educación Física, recolle os xogos e deportes practicados nas súas obras, entre eses xogos, atópanse os bolos.

Felipe V trouxo ao pintor francés, Miguel Angel Houasse (1680-1730), e un dos seus cadros, feito tapiz, todavía segue colgado a día de hoxe, no Palacio Real de Madrid, "Campesinos xogando aos bolos". A fotografía da esquerda amósao. Neste tapiz, un dato revante, é que a persoa que vai a facer o lanzamento, é unha muller.

Neste século o xogo dos bolos, era un xogo ben coñecido en España, como se reflicte na definición de 1726 do Dicionario das Autoridades.

Existen dous formas típicas nos bolos, o bolo inglés tipo obús, e o francés de forma troncónica. Os bolos ingleses implántanse nestas datas na Aquitania francesa.

O s. XIX é o verdadeiro século de esplendor dos bolos en España.

No rural xogábase nas prazas das vilas ou ao carón da igrexa. Pero en Galicia, continuaban aparecendo prohibicións, porque ao ser unha modalidade de pasabolo, na que o obxectivo do xogo é desprazar o máximo o bolo, producíanse danos nas fachadas ou nos viandantes. Feito que fixo afastarse os campos dos núcleos, e protexer os campos con redes ao final.

O feito histórico que marca este século é a revolución industrial, o que supón o desprazamento poboacional do rural, éxodo cara ás cidades. Cambiándose as localizacións do xogo, buscarase continuar xogando aos bolos nas tabernas dos arrabais e dos barrios traballadores. Os taberneiros sabían que era un encontro social, que melloraba o negocio.

No ano 1881, era tan popular o xogo, que nunha estancia en Comillas, Cantabria, o rei Alfonso XII, estivo vendo o xogo e fixo unhas boladas.

Entre o 1936 e o 1939, existe un parón, polo triste enfrontamento civil que aconteceu no noso país. Pero reviviu o xogo ata os 50, e estaba a converterse nun auténtico deporte, con competicións, evolución das normas e reglamentacións, aparecendo a Federación de bolos no 1941, en Madrid. Pero a partir dos 50 iníciase o seu declive.

A federación española de bolos, fúndase no ano 1941. E pouco a pouco van aparecendo as federacións territoriais.

A máis antiga é a federación cántabra, que tamén se fundou no 1941, tendo incluso máis historia que a española, pois antes pertencían á Federación bolística Montañesa entre o 1919-1921.

A federación asturiana fúndase no 1962 e a federación alavesa, no 1965. Estes datos indícanos, que estas federacións que son as máis antigas, levan moitos anos promocionando este deporte.

En Galicia no ano 1988, fúndase a federación de bolos, pero para promocionar o bowling, e non é, ata catro anos máis tarde no 1992, cando se incorpora o bolo celta ou tradicional.

Ao aparecer as federacións, aparecen os regulamentos, e no caso da modalidade do bolo celta, non é ata o 1991, cando se fai un regulamento unificado para poder competir no campionato de España,

A emigración galega, tamén espallou o xogo dos bolos, a aqueles países aos que chegaba, así como se acolleu este xogo a través do Camiño de Santiago. O intercambio cultural, sempre é enriquecedor. Nos países de máis emigración galega, incluso se crearon asociacións onde se xoga todavía a día de hoxe, aos bolos tradicionais.

Para os emigrantes os bolos forman parte da cultura propia, é un rasgo identificativo e serve para vencer a morriña.

Respecto ao bolo celta, existen asociacións que ademáis se reunen nos campionatos intercontinentais. Falamos de Uruguay e Arxentina.

En Bos Aires, xógase no Centro Galicia o círculo Social Valle Miñor e o centro Cangas del Narcea.

En Montevideo Uruguay, o centro social, cultural e deportivo de bolos Valle Miñor.

Tamén se xoga ao bolo canteiro, no centro Galicia.

Outros países aos que se chegou co xogo, foron países como Cuba, México, Chile...

En España, existe unha diversidade importante do xogo de bolos que evolucionou a deporte. Moreno (1983) fala dun censo de 50 modalidades diferentes onde varía tanto o número de bolos, como as formas dos mesmos, as bólas coas que se lanza, os regulamentos.

Rodríguez (2013), na súa tese, manifesta que "estamos ante o xogo popular e tradicional máis importante, practicado por todos e en todos os lugares de Galicia e de España". Se retrocedemos ao 1920 indica, que o mapa de actividade do xogo, espallárase polos 315 concellos de Galicia, pero a realidade hoxe en día é outra ben distinta.

Como xa vimos a figura de protección, que supón a Federación galega de bolos, pois axuda a impulsar e protexer este deporte, ten unha historia moi recente. Nace no 1992, para os bolos tradicionais. Ata ese momento, desde os 50 foi esmorecendo e desaparecendo en moitos lugares, este deporte, pero podemos ser optimistas ao dicir que tamén noutros sitios rexurde.


En Galicia existen numerosas e diferentes formas de xogar aos birlos aínda que é a gran descoñecida, pois ata o día de hoxe foron poucos os esforzos realizados polas administracións públicas para a súa recompilación e divulgación, tamén son poucos os traballos realizados para recompilar información de toda a nosa riqueza bolística e recoller todas as modalidades de montaña que existen e outras moitas que xa desapareceron, pois en case todos os pobos de Galicia dispoñían dunha boleira.

2. PEDRAS DE XOGO


PEDRAS DE XOGO

As pedras e os xogos


Os taboleiros de cazoletas no mundo romano.




Teatro romano Mérida




Basílica Julia. Roma




Os posibles taboleiros de cazoletas nos petroglifos galegos e no mundo romano




Burgueira.Oia





Mougás Oia.Oia



Mérida. Badajoz




Itálica. Sevilla




Basílica Julia. Roma



A orixe dos xogos de bolos



Egipto




Dougga, Tunez




Itálica. Santiponce. Sevilla

As cazoletas e xogo de bolos





A Valga, Loureza. Oia





O Folón, O Rosal

As cazoletas e xogo de bolos







As cazoletas e o xogo de bolos

San Cosme de Baiña. Baiona




As cazoletas e xogo de bolos



As pedras e os xogos

As cazoletas e o xogo de bolos







xogo de birlos no Val Miñor e Baixo Miño

As pedras e os xogos

As cazoletas e o xogo de bolos





**Bolos
no Val Miñor
1999 - 2000**

2

HISTORIA

2. HISTORIA DE XOGO DOS BOLOS

COÑECEMENTO DO ORIXEN DOS BOLOS (birlos)

TRADICCIÓN E CULTURA

O seu orixen é controvertido según unhas hipóteses o orixen dos bolos é unha preparación dos homes para a guerra e para a caza, con esta práctica adestavase a puntería o pulso e desarrollábase a musculatura. Outras falan dun xogo simplemente para pasarl o tempo e como medio de diversión, a hipótese máis viable é a peregrinación do traves do camiño de Santiago polo cal truxeron as súas culturas e tradicións, así con este ir e vir de peregrinos estendeuse esta tradición, durante o século XIX e principios XX os bolos convertíronse na actividade lúdica máis extendida das comunidades do norte, as referencias dos bolos son frecuentes en culturas como a Exipcia a Grega clásica e a Romana, e sufriron tantas variacións que é moi difícil establecer unha relación directa entre todos eles e os bolos actuais e encontráanse testemuños de xogos en culturas moi afastadas como a de Malasia ou América Precolombina.

Estudiosos como Gerardo Ruiz Alonso, que cita a J. Braun Trueba consideran probable que as modalidades actuais son resultados de xogos franceses, estes mesmos influídos por xogos alemáns.

Un dos xogos tradicionais conservados aínda hoxe nalgúns lugares de Galicia, son os birlos. Este xogo que presenta unha interesante gama de variantes, ten a súa *maior* expresión na actualidade, nas *ligas* territoriais que se disputan na actualidade, por unha banda nos Concellos de Baiona, Gondomar, Nigrán e Tomiño, na provincia de Pontevedra; en Ourense nos Concellos de Viana do Bolo, O Bolo, A

Veiga, Manzaneda e Parada de Sil; e na provincia de Lugo, nos Concellos de Xove, Ribadeo, Barreiros, Trabada, A Pontenova, Meira, Castro de Rei, Riotorto, A Pastoriza e Ferreira de Pantón, en Coruña no Concello de Boiro, *xa que en todos estes Concellos hai Clubs Federados inscritos na Federación Territorial Galega de Bolos*. Estes Clubs , compiten nunha liga perfectamente organizada, que serve aparte de coñecer o campión galego da tempada, pra disputa-lo campionato de España tanto na modalidade de Clubs, como de parellas e individuais. Xogase tamen aínda que con menor intensidade noutras zonas de Galicia como son nos lugares das parroquias do interior do macizo da Groba { Burgueira e Loureza (Oia), Vilachán do Monte (Tomiño) ou en Fornelos (O Rosal) } , no Concello de Soutomaior, Redondela, Ponte Sampaio en Pontevedra, (todos estes lugares na provincia de Pontevedra). Na provincia de Ourense no *Barco de Valdeorras*, A Rúa, a Gudiña,etc.; na provincia de Lugo nos municipios de Quiroga, Monforte, *Mondoñedo*, e nalgúns da costa lucense e na da *Coruña en lugares de Dodro, Pobra do Caramiñal*.

Unha definición de caracter xeral è a que nos di que un birlo è unha peza troncónica que se coloca vertical. O número de birlos è variable è tamén con caracter xeral o obxectivo è derribalos mediante o lanzamento dunha bola contra eles, rodàndoa e/ou lanzàndoa de forma directa, aínda que como veremos máis adiante pódese matizar.

Este xogo gozou dunha grande popularidade en Europa, e basta citar como anècdota relacionada con este xogo , o feito atribuído a a Francis Drake en 1558, que cando se aproximaba a armada *española*, el estaba a xogar unha partida de birlos en Plumouth, e cando avisàrono do perigo, el dixo que primeiro acabaría de xogala partida e despois ocupariase dos españois .Os xogos de birlos desta àrea xeogràfica, podemos integralos no grupo dos xogos nortenos , de derribo e

desprazamento, nos que o importante non è derribar os birlos sinon desplazà-los o màis lonxe posible, conxugando a plasticidade no tiro coa dinàmica do exercicio e coas cualidades físicas de forza, potencia e coordinación.

Os lugares de xogo estaban instalados tradicionalmente nas prazas dos pobos ou diante das igrexas e as competicións consistían en xogarse cordeiros, galos, xerras de vino, etc. Tamén funcionaban como complemento festivo dos actos profanos da festa da parroquia, e formando parte das relacións sociais servindo de punto de encontro nos atardeceres da primaveira ou do veràn, cando era típico atopar os homes xogàndose o vaso de viño na *praza do pobo*.

A comezos da década dos sesenta coincidindo co éxodo rural, o xogo vai perdendo forza e arraigo. Sera xa nos primeiros anos da década dos anos noventa, cando se aproba por primeira vez o regulamento de Birlos Val Minor pola federación galega de birlos e cando se ponen en marcha as competicións que seguen a desenvolverse hoxe en dia nesta comarca. Na zona do Baixo Miño, como xà dixeramos con anterioridade consérvase este xogo con interesantes no numero e disposición dos birlos en zonas do interior do macizo da Groba, aínda que o seu desenvolvemento non obedece a competición preestablecida como no caso do Val Minor. Xogase en partidas que seguen continuar coa tradidón de facerse para xuntar cartos para festas, partidas nas que se aposta algun carneiro, ou algun año aínda que tamén coñecemos algunhas apostas excepcionais coma as de algun becerro e tamén nos comentaron como se chegou a apostar nalgunha ocasión algun burro fariñeiro con caracter excepcional.

Nas pàxinas seguintes vamos tratar de aproximarnos a este xogo, os campos de xogo, os elementos do xogo, como se xoga hoxe

maioritariamente, e a forma de xogar que non se xogan regularmente, e nalgũns casos desapareceron no Val Minor e no Baixo Mino.

Pese a que este traballo està *adicado* exclusivamente o xogo de birlos, ten un inter  s complementario, para a identificaci  n nas prospecci  ns arqueol  gicas de superficies con covi  as e a sua asimilaci  n ven a grupos prehist  ricos, ou a sua utilidade relacionada con este tipo de xogo, ou xogos de tipo mankala, xa que as pedras ou lousas que servir  an ant  gamente como soporte dos birlos presentaban para sustentalos un rebaixes a modo de pequenas covi  as, a diferen  cia das pedras o lousas de hoxe que debido a s  as caracter  sticas non precisan deste elemento.

ANTECEDENTES HISTÓRICOS DOS XOGOS DE BIRLOS

Deixando a un lado as posibles orixes exipcias do xogo, segundo algúns autores parece que algunha modalidade de xogos de birlos emparentaba coas practicadas hoxe en día parece procedente da antiga Grecia e do mundo romano.

Algun autor apunta que no século III d. C. o xogo era utilizado simbolizando as loitas constantes do *home* contra o mal e o demonio nos ritos teutóns e realizàbase cun so birlo que os feligreses debían derrubar a unha distenda determinada coma sinal de inocencia e virtude (kegels). A popularidade alcanzada por este xogo obrigou a sacalo fora do interior da igrexa.

Aínda que seguramente o xogo è *coñecido en España* con anterioridade, as fontes documentais acreditan a súa *presencia no século XI* como no resto de Europa. Os primeiros datos importantes proceden do século XIV no que o rei Felipe V "O Largo" dita unha ordenanza o 23 de maio de 1319 pota que prohibe os seus soldados practicar o xogo dos bolos, substituindo *estas actividades polo tiro con arco* mais interesante para as actividades das tropas francesas. Tamén en Inglaterra neste século sufriu unha forte persecución e foron prohibidos con pena de morte polo rei *Eduardo III*.

Parece que sofre un forte pulo no século XVI e seguintes coincidindo coa Espana dos Austrias. Unha representación gráfica de interese atopase no museo da catedral de Santiago de Compostela do flamenco David Teniers, na que están representados varios xogadores xunto a nove birlos distribuidos en tres filas que lanzan unha bola de palma. Asl mesmo atopase referencias nas obras literarias de escritores *tan prestixiosos como Cervantes e Lope de Vega*. Da súa popularidade nos numerosos os edictos publicados prohibìndose a súa práctica nos camiños

pùblicos; así un do Concello de Santander de 1627 para que nadie xogara birlos en ningunha rúa da vila, o que sera penalizado cunha multa

de 200 maravedìs. Outras prohibicións máis rígorosas son as coñecidas do concello de Murcia en 1533, prohibindo *a* sua practica debido a cantidade de diñeiro que se apostaba, as pelexas e lesións producidas en torno o xogo. Na provincia de Árava en 1632 prohíbese a practica nos días de San Antonio, San Victor e Santa Isabel, manténdose *ata* 1829. Por contra houbo tamén defensores ilustrados os xogos de birlos como o humanista Luìs Vives no século XVI *recomendando a* sua práctica, e Jovellanos no século XVIII, que ademais de defendelo oponse a intervención dos poderes pùblicos no control de xogos e deportes.

È segundo algùns autores, no século XVII, cando os emigrantes de orixe *alemana e* holandesa introducen o xogo en America do Norte è sera *a* finais do século XIX cando se unifican as regras en Estados Unidos da modalidade do *bowling*, que terá como consecuencia o seu crecemento de forma imparable è provocará o seu retorno a Europa a mediados do século XX . Das modalidades españolas è o birlo de palma o que ten *maior* aceptación e que se practica tamén nalgùns países sudamericanos, mentres que outras modalidades tradicionais so se practican en áreas xeográficas moi reducidas. Así os birlos galegos xóganse tamén en algùns países sudamericanos debido a *presencia de* emigrantes que levaron con eles as súas tradicións. Tamén nestes *eido teñen* a sua importanecía os desprazamentos de representacións dos clubs do Val Minor a centros galegos de países sudamericanos.

2. DISTINTAS VARIANTES DE XOGO DE BOLOS

MODALIDADES DE BOLOS



Provincia de Pontevedra:

Zona do Baixo Miño:

O Rosal





xogabase a modalidade de 13 bolos, tipo Bolo Canteiro




Campos de 7 Bolos de Fornelos O Rosal, na zona O Paleón

Oia:

existen campos de Bolo Val Miñor de 18 bolos en linea “resta” na parroquia de Burgueira e Mougas





Campo situado o lado do Monasterio de Oia



Campo situado en Loureza – Oia

Tomiño



Campo de Vilachan – Tomiño

Liga sur

Tomiño:



Campo de xogo de Cristelos

xogase a modalidade de 18 bolos en linea ou “resta”

existen campos de esta modalidade en Vilachan do Monte e Forcadela

Gondomar Existen campos de esta modalidade en Mañufe, Peitieiros, San Cibrán, Xunqueira e Borreiros, donde se xoga actualmente, e outros campos de outros lugares donde se deixou de xogar fai pouco tempo, Donas, Morgadans e Gondomar

Baiona Atopamos campos na parroquia de Belesar nos lugares de Urgal, Medialdea e a Granxa, na parroquia de Sabaris o da Rega, e xogase esporadicamente en Baredo e antiguamente en Baiona e Baiña

Nigran Os campos atopanse nas parroquia de Parada – Carrasca-, Parroquia de San Felix – Cean-, e na parroquia de Camos

En todos estes axuntamentos había numeros campos de xogos, mais de un por parroquia, estando a punto de desaparecer en varias ocasións.

xogase a modalidade de 18 bolos en linea ou “resta”



Bolera en Camos - Nigran

Zona comarca de Vigo:

nesta comarca xogase a modalidade de 9 bolos separados tipo Bolo Canteiro e lanzase dende un foso de abaixo para arrina.

Redondela xogabase en todo o municipio e agora xogase esporadicamente na zona de Reboreda

Pazo de Borben xogase esporadicamente

Sotomaior e a zona donde mais se xogaba conservandose numeros campos de bolos ata fai sete anos, e a día de hoxe xogase moi pouco, estando os campos semi abandonados

Pontevedra actualmente xogase solo en Acevedo lugar de Ponte Sampaio, disputandose torneos ainda a día de hoxe



Campo de Bolos en Moreira - Soutomaior

Lousa de 7 bolos

Bolas e bolos

Provincia de Ourense:

Zona de Viana:

Viana do Bolo a modalidade que mais se xoga e a de 6 bolos en linea, disputandose torneos en numerosos pobos, o lugar donde mais se xoga en na parroquia de Punxeiro e Froxais



Tamen se xoga a modalidade “As Calles” sendo 9 bolos tipo Bolo Canteiro, actualmente xogase na parroquia de Mourisca os días das festas patronais e posiblemente nalgun campo máis



A Veiga

xogase en moitos pobos do municipio, conservandose os campos de xogo e xogando esporadicamente en días de festa na modalidade de 6 bolos en linea



O Bolo

xogase en moitos pobos do municipio, conservandose os campos de xogo e xogando esporadicamente en días de festa na modalidade de 6 bolos en linea, e algúns pobos xogase a modalidade do xogo “as Calles” na parroquia de Celeiro xogase os días das festas patronais



Manzaneda

xogase esporadicamente a modalidade de 6 bolos en linea




Zona de Terra de Trives e Valdeorras:

Nas comarcas de Valdeorras e Terra de Trives xogabase antigamente, e a día de hoxe non temos coñecemento de que se siga xogando, pero é posible que aínda se siga xogando esporadicamente nalgún pobo da montaña

Zona de Terra de Caldelas:

Parada de Sil

Xogase esporadicamente a unha modalidade tipo Bolo Canteiro con 9 bolos conicos e outro bolo da liña de 10 puntos que se chama “belbas”



Provincia de Lugo:

Zona de Terra de Lemos:

Panton


xogase unha liga individual na parroquia de Mourisca con 9 bolos plantados separados tipo canteiro e todos os bolos derrivados valen o mesmo



Zona de Terra Cha:

Meira

a modalidade que se xoga e a de 9 bolos en linea separados uns 15 cm en forma de bombilla, con liñas de 10-20 e 40 puntos disputandose a liga norte e torneos en distintos pobos esporadicamente e os días das festas patronais



Castro Rei

xogase en moitos pobos do municipio, disputandose a liga norte e conservandose os campos de xogo e xogando esporadicamente en dias de festa na modalidade de 9 bolos en linea separados uns 10 cm en forma de bombilla, con liñas de 10-20 e 40 puntos.



A Pontenova

xogase en moitos pobos do municipio, conservandose os campos de xogo e disputandose a liga norte coa modalidade do val miñor e xogando esporadicamente en dias de festa a modalidade de 9 bolos en linea e a forma e como un barrilete, con liña de 10



Riotorto

xogase a liga a modalidade de 9 bolos en linea separados 10 cm e tamen en algun pobo o canteiro pero valendo o mesmo todos os bolos e plantan 9 bolos, con liñas de 10-15-20-25-30 e 35 puntos



Zona de Quiroga:

Quiroga

xogase nas parroquias de Monte Furado, Quiroga e algunhas mais, dunha modalidade de 6 bolos, prantanse xuntos e soltase a bola cerca dos bolos, case tocandos coa man, son bolos pequenos, similares a outros xogos da provincia de Zamora



Zona a Mariña lucense:

Xove

Nas prroquias de Xove xogase unha liga desde 1989 e unha das zonas que mais se conservou e practicou da provincia, esta modalidade e de 10 bolos en liña e a forma do bolo e de pequeno barril de 11,5 cm de altura e con duas raías de 10 e 20 puntos



Ribadeo, Barreiros e

Trabada

xogase en moitos pobos dos municipios, conservandose os campos de xogo e disputandose a liga norte xogando a modalidade o canteiro de 9 bolos con forma de barrilete e liñas de 10 e 20 puntos



Lourenza e

Mondoñedo

tamen se xogaba os bolos fai 50 anos, na modalidade de Bolo Canteiro 9 bolos e liñas de 10 e 20 puntos



Provincia de Coruña:

Zona da Barbanza:

Boiro

xogase unha liga local e agora participan en torneos con outras provincias, a modalidade que se xoga e a de 12 bolos en linea, tipo bombilla similares o Bolo Canteiro de Lugo, pero moito mais pequenos, e para os cales se precisa gran precisión, normalmente os campos soen estar en pendentes e teñen lineas de 10, 25, 50 e 100 e o acaban, como indica o seu nome o bolo que pasa esa distancia que pode ser que pase por enriba dunha valla, valado ou arbolado acaba a partida, que soe ser a 200 tantos, son os campos máis longos de todas as nosas modalidades podendo alcanzar os 100m de lonxitude.



Dodro

xogouse na parroquia de Manselle ata fai moi pouco, esta modalidade consta de 9 bolos en circulo e un bolo no medio, tipo Bolo Canteiro, antigamente xogouse en todo o concello, foi recuperado fai anos, pero actualmente corre o perigo de desaparecer, pois dende hai catro anos xa non se xoga en ningún sitio, e un xogo moi similar a outra da provincia de Zamora os – Bolos de Lubian- e o Bolo Canteiro.

Antigamente este xogo estendiase o Concello de Padrón e Rois




A Pobra do Caramiñal

e Ribeira

xogabase fai anos en todas as parroquias, a mesma modalidade de Boiro, a día de hoxe non se xoga, aínda que se esta tratando de recuperar

Campo de Bolos de Pobra do Caramiñal empedrado



Canaleta empedrada, que recollían e levaban as bolas ata a zona de tiro

3. DIFERENCIAS E COINCIDENCIAS CON OUTROS XOGOS DE BOLOS


DIFERENCIAS E COINCIDENCIAS CON OUTROS TIPOS DE XOGOS

Bolos en Linea

Bolos Xove na provincia de Lugo



Bolos Viana na provincia de Ourense



Bolos Val Miñor na provincia de Pontevedra



Bolos Tineo en Asturias



Bolos Vaqueiro en Cangas de Narcea – Asturias



Bolos de Asturias Montaña



Bolos de Asturias Montaña



Bolo do Barbanza - Coruña



Bolo A Katxete – Pais Vasco



Bolos Monte Furado – Quiroga 6 bolos en línea delgados



Bolos Monte Furado – Quiroga 6 bolos en línea delgados e tiraxe case tocando coa man neles



Bolos Ribatra en 12 bolos en Linea xuntos e con forma de barrilete



Bolos Castro de Rei – Pacios 10 bolos en Linea separados en forma de bombilla



Bolos de Meira 9 bolos en Linea separados e con forma barrilete



Bolos en lousa

Bolo Canteiro na provincia de Lugo



Bolo en Ferreira de Panton – Terra de Lemos



Bolo de O Bolo – Ourense



Bolo Dodro – Coruña



Bolos de Lubian en Zamora




Bolo Berciano en Leon



Bolo no Rosal - Pontevedra



Campo de Bolos no Monasterio en Santa Maria de Oia - Pontevedra



Pasabolo Losa en Canbabria



Portugal - Bragança



Portugal – Bragança, Torneo das festas de Terroso



Bolo Katxete – Pais Vasco



Boleras singulares

Bolera de Camos - Nigran




Bolera en Andalucia na Serra de Cazorla



Torneo no Concello da Veiga, donde se facian numerosas aostas a tirada dos xogadores



Foto dun municipio leones – Cacabelos - donde se fala o galego e donde se practica o xogo dos bolos,



Bolera típica de Santander de Bolo Palma, donde funcionan tamen as apostas



Bolos das Montañas de Asturias



3

EVOLUCION

1. VOCABULARIO

VOCABULARIO DOS BIRLOS NO VAL MIÑOR

Para unha mellor comprensión dos xogos de birlos, è fundamental o coñecemento da terminoloxìa empregada. Nas linas seguintes propoñeños un pequeno vocabulario dos birlos Val Minor, que nos permitirá unha aproximación os xogos de birlos en xeral para està parte do Sudoeste de Galicia:

Armar ou plantar, acción de colocar os birlosno seu lugar correspondente.

Birlo : *bolo. Peza de madeira de buxo de forma dun "supositorio"*

Birlar ou desquite : *lanzar a bola por segunda vez dende a zona de birle, despois de ser considerado válido o primeiro*

Lanzamento Birle : *lugar dende se coloca o xogador para birlar.*

Branca : *bola que lanzada dende o tiro non derriba nìngùn birlo.*

Bola curta : *bola que lanzada polo xogador dende o tiro da na pedra pero non nos birlos.*

Bola larga ou cabalo : *bola que lanzada polo xogador dende o tiro impacia lonxe da pedra e dos birlos.*

Bola choca ,meca ou chinár: *bola que lanzada polo xogador dende o tiro non traspasa a raia de birle, sendo polo tanto non válido seu lanzamento, perdendo a posibilidade do segundo lanzamento dende o birle.*

Campo de xogo : *espacío donde se xoga os birlos composto de tiro, pedra, rata, campo de tiro, campo de birlos e birle.*

Pedra, lousa ou finqueira : *lugar donde se colocan os birlos plantados, listos para o xogo*

Partida : conxunto de xogos necesarios para ganar un enfrontamento.

Patio de tiro, fite ou paso : lugar dende se coloca o xogador para realizar o tiro.

Raia de 10 ou birlo : lina curva que forma un semicìrculo regular en relación coa pedra. Ten un radio de 21 m. En relación coa pedra.

Tirada : conxunto de boladas ou bìrladas que tira cada equìpo nun encontro.

Tirar : lanzar a boia dende o tiro coa intención de derribar o maior nùmero de birlos.

Tumbar : acción que se realiza co tiro hacìa os birlos.

Moitas destas palabras son utilizadas e repitense nas distintas zonas de Galicia, pero cada modalidade utiliza os nomes propios da zona, aparecendo algunhas variantes, que enriquecen o lexico.

2. O XOGO

O XOGO

Elementos que xogan :

Como elementos do xogo que xogan, temos as bólas e os birlos.

As bolas: *completamente esféricas , son de madeira de buxo (aínda que na actualidade debido a súa escaseza utilízanse sa outras, como Quebracho, Samanduba, Olivo e incluso de fibra ou poliéster), o seu diámetro oscila entre os 13 e 14,5 cm. è o seu peso entre os 1,5 e 2Kg.*

A madeira *(para ven ser) debe ser cortada en dous anos antes da confeccion da bola. A tradicion apunta a que a madeira debe ser cortada nas lúas minguantes de Decembro ou Xaneiro , aínda que outros din que a mellor è a lúa crecente de febreiro, para que a bola non se abra nin se rompa. A experiencia nembargantes confirma que non ten nada que ver a época de corte da madeira coa súa duración. O que si non e recomendable , empezar a xogar coa bola recen feita. Antes e despois de estreala debese poñer e conservar en " salmoira".*

Os brilos: *tamén de buxo, tenen de 15 a 16 cm. de alto e pesan entre 150 e 200 g. A súa fabricadón e menos complexa que a das bolas.*

Elementos que non xogan:

Son elementos pasivos necesarios para o xogo pero que non tenen ningún movemento, e están relacionados co espacio do xogo.

O tiro: *está composto de duas partes; a zona de apoio ou tiro propiamente dito e a zona de caída ou poza.*

A zona de tiro ven a ser de pedra lixeiramente rugosa pra que non esvaren os xogadores cando lanzan, sobre todo cando chove. Está zona de tiro está a nivel coa pedra dende se plantan os brilos. Anexa está a poza

dende o xogador apoia o pé o lanzar a bola. Está poza ten un desnivel aproximado co tiro entre uns 40 ou 60 cm. è ven ter uns dous metros en dirección a pedra ou lousa de colocación dos birlos.

A pedra ou lousa : de pedra pulida de 1,20 m. x 0,70 m. con pendente dun 15% aproximadamente con respecto a pedra de tiro, e outra pendente mais variable en dirección a raia de birle.

A raia de birle: tamén conecida como raia de 10, debido a que 10 tantos suma cada birlo que a sobrepase. Está sifuada a unha distancia de 21 m. dende o centro da pedra ou lousa de colocación de birlos. Dende está distancia, nun dos extremos execútase o birlo.

Elementos complementarios:

Son elementos que forman parte da infraestrutura do xogo, importantes na súa preparacion e desenvolvemento. E imprescindible un recipiente cheo de auga para poder lavar a bola. Tamén pódese dispor dunha rede colocada en semicirculo paratelo a raia de birlo e a uns dous metros da mesma a unha altura entre tres e seis metros servido para recuperar rapidamente os bolos e os birlos.

Secuencia do xogo

A modalidade dos birlos Val Miñor consiste en dous lanzamentos; o primeiro máis que derribar os 18 birlos en lina situados na lousa (situada a uns 5,5 m. mínimo è 6,2 m. máximo da zona de tiro) consìste en desprazar o maior número deles, mediante o impulso que se lle da a boia, lanzada, intentando sobrepasar a liña semicircular de birle ou raia de 10. Neste lanzamento, o xogador trata de que a boña impacte na pedra a altura do birlo no que está fixándose como referencia

O Tiro. Posición de lanzamento.- E importante atender a colocación dos pes, a postura que toma o tronco e a forma de coller a bola. Buscando

o seu punto de apoio, no tiro cada xogador debe determinar a forma de posicionarse e escoller a maneira de poñer os pes mais axeitadas a súas condicións. Unha perfecta colocación axuda a conxunción de equilibrio, potencia e precisión. As pernas estarán lixeiramente flexionadas, recibindo na parte dereita o peso do corpo.

O tronco manterase erguido e presentara un ángulo transversal respecto da boleira que estará condicionado pola posición dos pes. A totalidade do peso descansará sobre o pe dereito si se è destro ou pe esquerdo si se è zurdo. Finalmente e necesario concentrarse no movemento a executar.

O Tiro. Execución do tiro.- O xogador escomeza realizando un xiro de tronco e brazos hacia atrás e a dereita, tornando como eixo a columna vertebral. Este movemento realízase ao tempo que se despraza a perna esquerda no mesmo sentido que anteriormente xirámolo tronco, servindo de elemento compensador para manter o equilibrio. Chegado o punto final da torsión do tronco, o brazo dereito continuara a súa traxectoria hacia atrás de forma paralela co chan da boleira.

Unha vez que o tronco alcanzou a máxima torsión, e que o brazo dereito realizou o máximo xiro posible, que o brazo esquerdo deixou de acompañar o dereito na súa función de elemento compensador do equilibrio, e coa perna esquerda levantada, excomezará un movemento de vaivén ata alcanzar a posición final de tiro. O tronco a medida que vai variando o seu eixo de torsión nunha prolongada inclinación hacia a lousa acompañará neste xiro, mentres que a perna esquerda busca apoiarse no buraco escavado diante do tiro para conseguir a maior potencia de lanzamento. Agorà a bola sae en dirección a lousa tratando de conseguir a mellor xogada.

O Tiro. Posición final .- E a culminación do movemento da execución do tiro. O pe esquerdo situado no buraco sera o que soporte todo o peso do corpo, mentres o dereito, unha vez impulsado do tiro buscare apoio para lograr o equilibrio do tronco, perdido pola inclinación tomada hacia adiante en busca dunha maior potencia no lanzamento, mentres o brazo dereito seguirá en dirección a lousa.

O Tiro. Tanteo .- para sumar tantos no primeiro tiro, a bola debe sobrepasar a raia de 10 ou de birlo. De non facelo non se sumarán ningún tanto. O birlo que rebase a liña de 10 ou de birlo, sumará 10 tantos e os birlos derribados que non a rebasen sumarán un tanto cada un.

O Birlo.- Un segundo lanzamento, unha vez validado o primeiro, conecese como "birlar", è no que o lanzamento faise facendo rodar o bola, dende a denominada zona de birle, que sera o extremo do arco da liña de 21 m., tratando de derribar o maior número de birlos o que completare o tanteo da xogada.

O Birlo.- Preparación.- o pe dereito do xogador estará colocado no punto do birlo, e o esquerdo lixeiramente adiantado. A bola estará na man dereita, exercendo o brazo unha flexión que alcance un ángulo de 100 a 150 grados. As pernas estarán flexionadas lixeiramente soportando o peso do corpo mentres o tronco inclínase lixeiramente hacia adiante.


O Birlo . Execución .- comeza o movemento desprazando o brazo dereito hacia abaixo e hacia atrás, tendo como eixo de rotación a liña dos ombros. O realiza un movemento hacia adiante propiciando un desprazamento do pe dereito permitindo o esquerdo despegarse do chan para iniciar o paso hacia adiante en dirección a lousa. Xogan no birlo un pape/ importante as accións do conxunto das man- pulso.

Campo de xogo



3. ZONAS DONDE SE PRACTICA O XOGO DOS BOLOS

CONCELLOS DONDE SE XOGA AS DISTINTAS VARIANTES DE BOLOS



COR VERDE: Concellos que se xoga a día de hoxe os Bolos

COR LILA: Concellos que se deixou de xogar a mediados do Seculo XX

CONCELLOS DONDE SE XOGA AS DISTINTAS VARIANTES DE BOLOS

Provincia de Pontevedra:

Zona do Baixo Miño:

O Rosal	xogabase a modalidade de 13 e 9 bolos
Oia	xogabase a modalidade de 9, 7 bolos, e xogase a 5 bolos, e 18 bolos en linea ou “resta”
Tomiño	xogase a modalidade de 5, 7 e 18 bolos en linea ou “resta”
Gondomar	xogase a modalidade de 18 bolos en linea ou “resta”
Baiona	xogase a modalidade de 18 bolos en linea ou “resta”
Nigran	xogase a modalidade de 18 bolos en linea ou “resta”

Zona comarca de Vigo:

	nesta comarca xogase a modalidade de 9 bolos separados tipo Bolo Canteiro e lanzase dende un foso de abaixo para arriba.
Redondela	xogabase en todo o municipio e agora xogase esporadicamente na zona de Reboreda
Pazo de Borben	xogase esporadicamente
Sotomaior	e a zona donde mais se xogaba conservandose numeros campos de bolos ata fai sete anos, e a día de hoxe xogase moi pouco, estando os campos semi abandonados
Pontevedra	actualmente xogase solo en Acevedo lugar de Ponte Sampaio, disputandose torneos ainda a día de hoxe

Provincia de Ourense:

Zona de Viana:

Viana do Bolo	a modalidade que mais se xoga e a de 6 bolos en linea, disputandose torneos en numerosos pobos, o lugar donde mais se xoga en na parroquia de Punxeiro Tamen se xoga a modalidade “ Das Calles” sendo 9 bolos tipo Bolo Canteiro, actualmente xogase na parroquia de Mourisca os días das festas patronais
A Veiga	xogase en moitos pobos do municipio, conservandose os campos de xogo e xogando esporadicamente en días de festa na modalidade de 6 bolos en linea
O Bolo	xogase en moitos pobos do municipio, conservandose os campos de xogo e xogando esporadicamente en días de festa na modalidade de 6 bolos en linea, e algúns pobos xogase a modalidade do xogo “Das Calles” na parroquia de Celeiro xogase os días das festas patronais
Manzaneda	xogase esporadicamente a modalidade de 6 bolos en linea

Zona de Terra de Trives e Valdeorras:

Nas comarcas de Valdeorras e Terra de Trives xogabase antigamente, e a día de hoxe non temos coñecemento de que se siga xogando, pero é posible que aínda se siga xogando esporadicamente nalgún pobo da montaña

Zona de Terra de Caldelas:

Parada de Sil	Xogase esporadicamente a unha modalidade tipo Bolo Canteiro con 9 bolos conicos e outro bolo da liña de 10 puntos que se chama “belbas”
---------------	---

Provincia de Lugo:

Zona de Terra de Lemos:

Panton xogase unha liga individual na parroquia de Mourisca con 9 bolos plantados separados tipo canteiro e todos os bolos derrivados valen o mesmo

Zona de Terra Cha:

Meira a modalidade que se xoga e a de 9 bolos en linea separados uns 15 cm en forma de bombilla, disputandose a liga norte e torneos en distintos pobos esporadicamente e os días das festas patronais

Castro Rei xogase en moitos pobos do municipio, disputandose a liga norte e conservandose os campos de xogo e xogando esporadicamente en días de festa na modalidade de 9 bolos en linea separados uns 10 cm en forma de bombilla

A Pontenova xogase en moitos pobos do municipio, conservandose os campos de xogo e disputandose a liga norte coa modalidade do val miñor e xogando esporadicamente en días de festa a modalidade de 9 bolos en linea e a forma e como un barrilete

Riotorto xogase a liga a modalidade de 9 bolos en linea separados 10 cm e tamen en algun pobo o canteiro pero valendo o mesmo todos os bolos e plantan 9 bolos

Zona de Quiroga:

Quiroga xogase nas parroquias de Monte Furado, Quiroga e algunhas mais, dunha modalidade de 6 bolos e soltase a bola cerca dos bolos, case tocandos coa man, son bolos pequenos, similares a outros xogos da provincia de Zamora

Zona a Mariña lucense:

Xove Nas prroquias de Xove xogase unha liga desde 1989 e unha das zonas que mais se conservou e practicou da provincia, esta modalidade e de 9 bolos en liña e a forma do bolo e de pequeno barril de 11,5 cm de altura e con dúas raias de 10 e 20 puntos

Ribadeo, Barreiros e

Trabada xogase en moitos pobos dos municipios, conservandose os campos de xogo e disputandose a liga norte xogando a modalidade o canteiro de 9 bolos con forma de barrilete, con dúas raias de 10 e 20 puntos

Lourenza e

Mondoñedo tamen se xogaba os bolos fai 50 anos, na modalidade de Bolo Canteiro 9 bolos

Provincia de Coruña:

Zona da Barbanza:

Boiro xogase unha liga local e agora participan en torneos con outras provincias, a modalidade que se xoga é a de 12 bolos en linea, tipo bombilla similares o Bolo Canteiro de Lugo, pero moito mais pequenos, e para os cales se precisa gran precisión

Dodro xogouse na parroquia de Manselle ata fai moi pouco, esta modalidade consta de 9 bolos en circulo e un bolo no medio, tipo Bolo Canteiro, antigamente xogouse en todo o concello, foi recuperado fai anos, pero actualmente corre o perigo de desaparecer, pois dende hai catro anos xa non se xoga en ningún sitio, e un xogo moi similar a outra da provincia de Zamora os – Bolos de Lubian- e o Bolo Canteiro.

Antigamente este xogo estendiase o Concello de Padrón e Rois

A Pobra do Caramiñal

e Ribeira xogabase fai anos en todas as parroquias, a mesma modalidade de Boiro, a día de hoxe non se xoga, aínda que se está tratando de recuperar

4

RECUPERACION

1. MODALIDADES QUE MAIS SE XOGAN

CONCELLOS E MODALIDADES DONDE MAIS SE XOGA

Provincia de Pontevedra:

Zona do Baixo Miño:

Gondomar	xogase a modalidade de 18 bolos en linea ou “resta”
Baiona	xogase a modalidade de 18 bolos en linea ou “resta”
Nigran	xogase a modalidade de 18 bolos en linea ou “resta”
Tomiño	modalidade que mais de practica a día de hoxe e a de 18 bolos en linea ou “resta”

Provincia de Lugo:

Zona de Terra Cha:

Meira	a modalidade que se xoga e a de 9 bolos en linea separados uns 15 cm en forma de bombilla, disputandose a liga norte e torneos en distintos pobos esporadicamente e os días das festas patronais
Riotorto	xogase na liga norte a modalidade de 9 bolos en linea separados 10 cm e tamen en algun pobo o canteiro pero valendo o mesmo todos os bolos e plantan 9 bolos
A Pontenova	xogase na liga norte coa modalidade do Val Miñor, 18 bolos en linea

Zona a Mariña lucense:

Xove	Nas prroquias de Xove xogase unha liga desde 1989 e unha das zonas que mais se conservou e practicou da provincia, esta modalidade e de 9 bolos en liña e a forma do bolo e de pequeno barril de 11,5 cm de altura e con dúas raias de 10 e 20 puntos
------	---

Ribadeo, Barreiros e

Trabada	xogase na liga norte a modalidade de 9 bolos con forma de barrilete
---------	---

Provincia de Coruña:

Zona da Barbanza:

Boiro	xogase unha liga local e agora participan en torneos con outras provincias, a modalidade que se xoga e a de 12 bolos en linea, tipo bombilla similares o Bolo Canteiro de Lugo, pero moito mais pequenos, e para os cales se precisa gran precisión
-------	---

2. MODALIDADES QUE MENOS SE XOGAN

CONCELLOS E MODALIDADES DONDE MENOS SE XOGA

Provincia de Pontevedra:

Zona do Baixo Miño:

Oia	xogase esporadicamente a modalidade de 7 bolos
Tomiño	xogase esporadicamente a modalidade de 5 bolos

Zona comarca de Vigo:

Redondela	xogase esporadicamente na zona de Reboreda
Sotomaior	a pesar de conservar numerosos campos de bolos xogase moi esporadicamente
Pontevedra	actualmente xogase solo en Acevedo lugar de Ponte Sampaio, disputandose torneos aínda a día de hoxe

Provincia de Ourense:

Zona de Viana:

Viana do Bolo	tamen se xoga a modalidade “As Calles” sendo 9 bolos tipo Canteiro, actualmente xogase na parroquia de Mourisca os días de festas patronais, e a modalidade de 6 bolos esporadicament en outros pobos, como por exemplo en Froxais
A Veiga	xogase esporadicamente a modalidade de 6 bolos en linea en festas patronais dos pobos acompañado das apostas
O Bolo	xogase esporadicamente en días de festas patronais na parroquia de Celeiro e nalgún outro pobo, a modalidade “As Calles”

Provincia de Lugo:

Zona de Terra de Lemos:

Panton xogase unha liga individual na parroquia de Mourisca con 9 bolos plantados separados tipo canteiro e todos os bolos derrivados valen o mesmo

Zona de Terra Cha:

Castro Rei xogase na liga norte conservando varios campos de xogo, e xogase esporadicamente en días de festas na modalidade de 9 bolos en forma de bombilla en linea separados uns 10 cm

A Pontenova xogase en moitos pobos do municipio, conservandose os campos de xogo e disputandose a liga norte coa modalidade do val miñor e xogando esporadicamente en días de festa a modalidade de 9 bolos en linea e a forma e como un barrilete

Riotorto xogase na liga norte a modalidade de 9 bolos en linea separados 10 cm e tamen en algun pobo o canteiro pero valendo o mesmo todos os bolos e plantan 9 bolos

Zona de Quiroga:

Quiroga xogase nas parroquias de Monte Furado, Quiroga e algunhas mais, dunha modalidade de 6 bolos e soltase a bola cerca dos bolos, case tocandos coa man, son bolos pequenos, similares a outros xogos da provincia de Zamora

Zona a Mariña lucense:

Ribadeo, Barreiros e

Trabada xogase en moitos pobos dos municipios, conservandose os campos de xogo e disputandose a liga norte xogando a modalidade o canteiro de 9 bolos con forma de barrilete

Provincia de Coruña:

Zona da Barbanza:

Dodro xogouse na parroquia de Manselle ata fai moi pouco, esta modalidade consta de 9 bolos en circulo e un bolo no medio, tipo Bolo Canteiro, antigamente xogouse en todo o concello, foi recuperado fai anos, pero actualmente corre o perigo de desaparecer, pois dende hai catro ano xa non se xoga en ningún sitio, e un xogo moi similar a outra da provincia de Zamora os – Bolos de Lubian- e o Bolo Canteiro.

3. MODALIDADES EN PERIGO DE EXTINCIÓN

CONCELLOS E MODALIDADES EN PERIGO DE EXTINCION

Provincia de Pontevedra:

Zona do Baixo Miño:

O Rosal	esta desaparecida a modalidade de 13 bolos e xogabase esporadicamente a de 9 bolos
Oia	esta en perigo a modalidade de 9 e 7 bolos
Tomiño	esta en perigo a modalidade de 5 bolos e case desaparecida a de 7 bolos

Zona comarca de Vigo:

Pazo de Borben	desaparecida en case todos os pobos
Redondela	desaparecida na maioría dos pobos
Sotomaior	xogabase en todos os pobos e a día de hoxe esta en pleno perigo
Pontevedra	desapareceu da maioría dos pobos, conservandose soamente en Acebedo lugar de Ponte Sampaio

Provincia de Ourense:

Zona de Viana:

A Veiga	desapareceu en moitos pobos, antigamente xogabase en todos
O Bolo	desapareceu da maioría dos pobos a súa práctica
Manzaneda	igual que no resto da comarca esta desaparecido na maioría dos pobos
Viana do Bolo	esta desaparecendo en moitísimos dos seus pobos

Zona de Terra de Trives e Valdeorras:

Nas comarcas de Valdeorras e Terra de Trives xogabase antigamente, e a día de hoxe non temos coñecemento de que se siga xogando, pero é posible que aínda se siga xogando esporadicamente nalgún pobo da montaña

Zona de Terra de Caldelas:

Parada de Sil	Xogase esporadicamente a unha modalidade tipo Bolo Canteiro con 9 bolos conicos e outro bolo da liña de 10 puntos que se chama “belbas”
---------------	---

Provincia de Lugo:

Zona de Terra de Lemos:

Panton desapareceu da maioría dos pobos, solo temos coñecemento de que se siga practicando na parroquia de Mourisca con 9 bolos plantados separados tipo canteiro e todos os bolos derrivados valen o mesmo

Zona Terra Cha:

eran numerosas as modalidades de bolos que se xogaban e que foron desaparecendo da maioría dos pobos

Zona de Quiroga:

eran numerosas as modalidades de bolos que se xogaban e que foron desaparecendo da maioría dos pobos

Zona a Mariña lucense:

nos pobos dos Concellos de Lourenza e Mondoñedo, a modalidade era a de bolo canteiro, deixandose de xogar fai uns 50 años

Provincia de Coruña:

Zona da Barbanza:

A Pobra do Caramiñal

e Ribeira xogabase fai anos en todas as parroquias, a mesma modalidade de Boiro, a día de hoxe non se xoga, aínda que se esta tratando de recuperar,

Padron e Rois antigamente tamen se xogou nos Concellos de Padron e Rois a modalidade de 9 bolos en circulo que se conservou no Concello de Dodro na parroquia de Manselle

4. NECESIDADE DA SUA RECUPERACION

A NECESIDADE DA RECUPERACION DO BOLO CELTA

Galicia ten numerosas modalidades de bolos con moitisimas variantes, estas variantes foronse impondo polas características da nosa xeografía e as necesidades do lugar adaptándose a nosa idiosincrasia e non todas gozan da súa recuperación, estando unhas máis fortes que outras pero todas elas teñen en común que son moi sensibles e poden desaparecer nun curto prazo.

Este deporte a pesar de ser unha modalidade autóctona e que se xogara na maioría dos pobos de Galicia e o gran descoñecido, pois a súa divulgación polos medios de comunicación é escasa e carece de apoio suficiente das administracións, a despoblación da Galicia rural e unha emigración dos nosos xovenes están a producir a perda de este xogo.

Este deporte foi prohibido, perseguido e penalizado na súa práctica en moitas ocasións, por o seu enlace co mundo das apostas, por motivo das liortas que se poideran derivar do xogo ou simplemente por ser centros de reunións do pobo, sendo centro de reunión social máis importante dos nosos pobos de Galicia.

Son moitas as necesidades que ten este deporte pois a pesar de que se mantivo vivo en numerosos pobos das catro provincias galegas, a maioría da xuventude galega non o coñece e non se sente atraído pola súa práctica.

Outras modalidades están simplemente agonizando sen que nadie poña remedio, e a súa posible desaparición en un espazo curto de tempo é unha realidade.

Algunhas variantes foron desaparecendo o longo dos anos e a non atopar nada escrito sobre a súa práctica será imposible recuperalas.

Todas as variantes de xogo de bolos que se practicaron e se practican en toda Galicia danos mostra da gran riqueza da que dispomos.

Este deporte dispoñe dun encanto especial, pois é unha loita do home simplemente usando os mesmos materiais e as mesmas normas como se facía fai séculos, e conxuntamente co noso afán de superación e competición, fan que este xogo nos enganche a todos aqueles que o practicamos e recordamos os nosos antepasados, enriquecendonos deportiva, cultural e socialmente, establecendo novos lazos de amizade en todos os lugares onde se practiquen bolos, ven sexa unha modalidade ou outra consegue que nos encandilemos e que sexamos moitos os que nos desprazamos moitísimos fins de semana a calquera dos lugares onde se dispute un torneo de Bolos.

Por todo elo é fundamental que sexa recuperado, divulgado e declarado Ben de Interese Cultural Inmaterial de Galicia.

5

**REGULAMENTOS
DE BOLOS
EN GALICIA**

1. BOLO MIÑOR

REGULAMENTO DE **BIRLOS CELTA**

CAPITULO I (CAMPO DE XOGO)

Art.º 1. - O campo de xogo que terá forma de cono truncado consta de: unha base, colocada nun dos extremos do campo, cun burato ou caída para proporcionar impulso. A boleira ou pedra, colocada por diante da base, onde se colocan os birlos e a raia de 10 ou raia de birlo na curvatura do cono. O terreo existente entre a losera e a raia de 10 será de xabre areento compactado, totalmente chaira e limpo para o bo desenvolvemento do xogo.

CAPITULO II (DISTANCIAS E MEDIDAS)

Art.º 2. - A base, ha de ser de formigón ou pedra e dunha altura de 20-25 centímetros, sobre a rasante do terreo de 30-50 cm. de ancho e 2 metros de longo, non será completamente lisa, para que o xogador, ao colocarse sobre ela para tirar, non corra perigo

de esvarar e poida facer máis forza ao ter os pés ben suxeitos. O burato ou caída, terá unha profundidade de 30-40 cm. respecto á parte superior da base, cunha longura máxima de 2 mts., en suba cara á boleira e un ancho igual ao longo da base.

Art.º 3. - A distancia entre a base e a boleira de entre 5,50 mts. de mínimo e de 6 mts. de máximo. Para as categorías inferiores poderase reducir esta distancia ata os 4 mts., dependendo da categoría.

Art.º 4. - A boleira ou losera será de material duro, normalmente de granito ou pedra, ben pulida para facilitar a saída dos birlos e bólas, E de forma rectangular cunhas dimensións de 1,20 mts. de longo e 0,50 mts. de ancho, Estará colocada cun ángulo de pendente (dirección á base) da raia de 10 ou birlo, para facilitar a xogada do birlo. Estará elevada sobre o terreo de xogo, de forma que os birlos ao estar plantados queden a nivel coa base ou pedra de tiro.

Art.º 5. - A raia de 10 ou birlo, marcarase a unha distancia mínima de 21 mts., a cal medirase en sentido circular, dende o centro da boleira ou pedra para que haxa a mesma distancia no centro que nos extremos do campo. Cando a liña de 10 ou birlo sexa un cordel ou raia, é conveniente marcar con cal despois desta, para mellor apreciación do pase da bóla e birlo, tendo que deixala libre na súa vertical unha vez parado, a non ser que un xuíz-árbitro ou xogador contrario dean por válido o seu pase. O campo deberá ter unha anchura mínima de 21 mts. dende unha punta á outra da raia.

Art.º 6. - Aos campos que actualmente están construídos non lles afectarán as medidas regulamentarias que se sinalan no presente capítulo, podendo ser regulamentados coas medias que posúen.

CAPITULO III (ELEMENTOS DO XOGO. BÓLAS E BIRLOS)

Art.º 7. - As bólas son de material duro, madeira ou fibra que pola súa dureza e peso poida adecuarse ao xogo. A bóla máis usada e apreciada é a de madeira de buxo, aínda que os clubs e xogadores poderán utilizar outras como o quebracho, as cales terán un diámetro máximo de 16 cms. e un peso entre 1,50 e 2,30 kgs.

Art.º 8. - Os birlos serán de madeira, na actualidade usase o buxo, podendo ademais ser doutra madeira, que garanta o bo desenvolvemento do xogo e que cumpra coas seguintes normas: a seguridade e conservación en todo momento.

Están suxeitos ás seguintes normas:

- Forma de cono rematado en punta
- Lonxitude entre 15 e 16 cms.
- Peso oscilante entre 150 e 200 gramos.

Para o desenvolvemento dunha competición oficial o equipo locatario ou organizador dun torneo terá a obriga de que ao inicio do xogo o material este en perfectas condicións.

Art.º 9. - As competicións de liga (1ª e 2ª división), os campionatos galegos (individual e de parellas), e os torneos de cordeiros chamados copa presidente, xogaranse exclusivamente con birlos de madeira (buxo ou similar) todos os demais campionatos ou torneos, tanto os que organice a Federación Galega de birlos coma os que organicen os clubs xogaranse co material que crea conveniente a organización.

CAPITULO IV (ELEMENTOS COMPLEMENTARIOS)

Articulo 10º. - Son elementos que forman parte do xogo, importantes na súa preparación e desenvolvemento:

Un cubo ou cesto cheo de auga para poder mollar a bóla antes da execución do tiro ou birlo, para entre outras cousas, eliminar os residuos de terra e pedras e facilitar o seu mellor agarre.

Unha rede, nos campos que non teñan outro obstáculo natural ao final do campo de xogo. Estará situada a uns 2 mts., da raia de 10 ou birlo e a unha altura mínima de 3 mts. co que se fará unha recuperación rápida da bóla e os birlos e evitamos danos a terceiros.

Unha alfombra de goma ou base de formigón, situada na cova ou foso de caída, a cal amortecerá a mesma e as posibles lesións á hora de execución do tiro.

Cepo de madeira, situada ao lado do cubo de auga, para poder escorrer a bóla despois de lavala.

Protección de madeira ou goma, situadas ao final do campo (separada da raia de 10, un mínimo de 1 mts., e cun arco de 6 mts., evitando así que a bóla impacte contra outros obxectos que a poidan danar), como nos laterais da zona de tiro (colocada a unha altura mínima de 0,50 mts. e cunha lonxitude suficiente para evitar que a bóla, unha vez vez efectuado o birlo non se dane ou produza danos a terceiros.

CAPITULO V. (COMPETICIÓNS)

Art.º 11. - As competicións poden ser: individuais, por parellas e por equipos (de 3 ou 4 xogadores).

Art.º 12. - Competición individual: Este tipo de competición cada xogador tirará e birlará un número determinado de boladas (segundo competición) acumulando o tanteo de cada unha delas para o resultado final ou tamén se poderá desenvolver por eliminatorias con outros xogadores.

Art.º 13. - Competición de equipos: Enfrontásense un equipo contra outro, formado por 3 ou 4 xogadores (segundo torneo) e tirasen un número de 3 boladas e birlo, cada un dos xogadores, sumando todos os puntos. Tambien pódese xogar por eliminatorias, con equipos de 4 xogadores, xogando 2 contra 2..

Art.º 14. - Competición por parellas. - Xogarase tirando un número determinado de boladas cada parella e acumulando os tanteos; tamén se

pode xogar por eliminatorias; e a 90 tantos, esta última, tirando alternativamente un xogador de cada parella, co aliciente de perda de man: se ao xogador que tira diante se lle vai o seu birlo fóra e non puntúa, dará dereito a que o próximo xogador do equipo contrario tire diante (sempre que este último puntúe). Cada vez que unha parella puntue, os contrarios no seguinte xogo tirarán diante.

CAPITULO VI (VALORACION DAS XOGADAS NA EJECUCION DO TIRO)

Art.º 15. - Valoración das xogadas:

a) É condición indispensable en calquera tipo de competición, que a bóla supere a raia de 10 ou birlo, do contrario considérase como cero tantos, non tendo dereito a sacar dende a raia de birlo.

b) O birlo, que de calquera xeito supere a liña de 10 ou birlo, ou mesmo este apoiado, nos campos nos que existe foso na liña de 10, vale 10 tantos e o resto dos birlos caídos teñen un valor de 1 tanto cada un. O birlo que este semicaído apoiado sobre outro que esta caído, se contabilizará

Art.º 16. - Non terá valor a xogada e haberá que repetila nos seguintes casos:

a) Cando no momento de tirar a bóla, mesmo dende a raia de 10 ou birlo, caese algún dos birlos, antes de que a bóla tocasse os birlos.

b) Cando a bóla se rompesse e non cruzase a liña de birlo, polo impacto contra a lousa ou pedra.

c) Cando no momento de tirar, o xogador fose obstruído por causa allea á súa vontade, ou se algún dos birlos fose obstruído por persoa allea ao seu equipo no seu desprazamento cara á liña de 10.

d) O xogador terá opción de repetir tiro, se algún dos plantadores que terán que estar separados como mínimo un metro dende o final da losera, se move en ademán de ir cara á losera, antes de executar o tiro.

Art.º 17. - Xogada válida e polo tanto non se repite:

a) Cando o xogador esvarase ou por calquera motivo lle saia a bóla mal dirixida, sempre que a bóla supere a raia de 10 ou birlo, terá dereito a birlar.

b) Se tropezase con algún birlo ou bóla de xogadas anteriores e non supere a liña de birlo, pois todo xogador, debe interesarse en que o campo estea limpo de obstáculos.

c) Cando a bóla se rompese polo seu impacto sobre a boleira, e pase algún anaco a liña de 10 ou birlo, podendo realizar o birlo con outra.

CAPITULO VII (VALORACION DAS XOGADAS NA EJECUCION DO BIRLO)

Art.º 18. - Para avaliar unha xogada de birlo, é condición indispensable que un dos pés non este pisando ou superando a liña de 10, ao igual que ata que a bóla non impacte nos birlos, estes estean plantados.

A execución do birlo efectuarase dende un punto fixo, habitualmente dende unha esquina marcado na liña de 10.

Cada birlo caído ten unha validez dun tanto, exceptuando se houberse algún birlo en pé, entón contabilizaranse só os birlos caídos por onde pasou a bóla.

a) Sortearase previamente que xogador ou equipo lle corresponde tirar.

b) Se a competición que se xoga é o campionato de Liga, tirase sempre diante o equipo locatario.

CAPITULO VIII (VALORACION TOTAL DAS XOGADAS)

Art.º 19. - A valoración total da xogada, sairá da suma dos puntos do tiro máis os puntos do birlo.

Competición individual. - o sistema de puntuación pode ser:

a) Fase de clasificación, cada xogador realiza un determinado nº de boladas (dadas pola organización), para determinar o nº de xogadores que pasan á seguinte fase.

b) Por enfrontamentos directos, que poden ser de dúas formas: enfrontamentos a matar, nos cales o xogador que primeiro realice 90 puntos, se adxudica o punto (nestes enfrontamentos cobra especial relevancia a xogada do birlo, pois o non birlar ou derrubar birlos significa a perda da man á hora de tiro, co cal o rival pasa a tirar diante e ten maior posibilidade de rematar o xogo) ou nos que cada xogador realiza unha serie de boladas, sumando todas e gañando o que máis tantos consiga.

Competición de parellas. - é igual que o individual, pero interveñen dous xogadores por club.

Competición de equipos. - pode ser:.

a) Todos contra todos sumando as xogadas dos tres compoñentes do equipo (cada tres xogadas é unha rolda) (a organización é a que determina o nº de roldas que debe de realizar cada equipo).

b) Enfrontamentos directos de dous equipos con dous tríos cada un, enfrontándose un trío dun equipo contra o trío do contrario, a un determinado nº de xogos gañados, os

cales lle outorgan un punto para o equipo. En caso de gañar os dous enfrontamentos serían tres puntos.

c) Enfrontamentos a matar, nos cales cada equipo presenta catro compoñentes e xogarán dous contra dous na mesma partida, a realizar 90 puntos para alcanzar un xogo. Gañase o primeiro que chega ao nº de xogos que determine a organización (neste sistema entra en xogo a perda de man).

CAPITULO IX (OUTRAS DISPOSICIÓNS XERAIS)

Art.º 20. - Cada xogador poderá acudir ás competicións e campionatos coa súa propia bóla.

Art.º 21. - Todo xogador deberá estar uniformado coa equitación oficial do seu club, tanto a nivel individual coma en parellas e equipos, como mínimo con pantalón de chándal ou curto e camiseta, todos os xogadores con igual uniforme.

Art.º 22. - O non acatamento destas normas, terá a correspondente sanción.

2. BOLO ZONA LUGO

BOLOS DE SANTA MARTA

Este xogo tradicional foi recuperado polos veciños de Santa Marta en xullo do 2004.

NORMAS BÁSICAS

BOLOS, BOLAS, FITE, LASTRA E CAMPO

- O xogo consta de 9 bolos colocados nunha liña de bolos que está pintada na lastra, a separación entre bolos na lastra é de aproximadamente 6 cms.
- Os bolos son de madeira (polo xeral de uz, buxe ou acivro) de unha altura aproximada de 10 cms, con dúas caras e algo máis anchura no centro (forma de barril).
- As bolas tamén son de madeira (tamen polo xeral de uz, buxe ou acivro) e de moi variados tamaños.
- O fite de tirar está a unha distancia aproximada de 4'80 metros dos bolos, o xogador debe ter polo menos un pé no alto do fite no momento de tirar.
- O fite ten unha altura de 10 cms.
- A lastra é unha plancha de ferro de 1'30 x 1'30 metros.
- O campo é de polvillo pisado e ten seis raias marcadas cun cordón, as raias son de 10, 15, 20, 25, 30 e 35.

SISTEMA DE PUNTUACIÓN E NORMAS

- Os bolos que saian da liña de bolos e non cheguen a ningunha das raias pintadas no campo valen tres tantos, se pasan algunha destas raias adquiren o valor desta (10, 15, 20, 25, 30 ou 35 tantos según a raia que pasen).
- Para que un bolo conte 10, 15, 20, 25, 30 e 35 é necesario que pase o cordón que limita a raia completamente (se un bolo queda tocando no cordón por moi pouco que sexa non se considera pasado).
- No caso que un bolo pase unha raia pero retroceda para atrás non se considera pasado e contarase onde quede o bolo finalmente (por exemplo, se un bolo pasa a raia de 15 pero retrocede para atrás da raia valerá 10 tantos). Esta medida non se aplicará na raia de 35 sempre que o bolo pegue nos conos o na rede que limitan o campo e volte para atrás, se o bolo non pega nos conos aplicarase o exposto anteriormente.
- Para que un bolo conte debe caer ou saír completamente da liña de bolos que está marcada na lastra.
- A bola de tirar quede onde quede non china (non anula o tiro) xa que polas condicións do campo de Santa Marta e case imposible que chine ningún.
- O campo de Santa Marta está rodeado por unha valla metálica e por conos de plástico, os conos de plástico forman parte do cerrado do campo polo que non se poden mover. Se o tirador observa que hai un cono descolocado pode mandar colocalo ben, pero sempre antes de realizar o tiro.
- Se un bolo salta por encima dos conos ou da verxa metálica acadará o valor da liña pola que salte, independentemente de onde chegue.
- No fondo do campo hai unha rede de plástico para evitar perder os bolos, esta rede chega a liña de 30 polo que se un bolo da na rede en 30 considerase que saíu por 30 quede onde quede o bolo xa que nas outras liñas non hai rede.
- As liñas están marcadas cunha barra de ferro por encima dos conos a modo de prolongación para ver ben por onde saíu o bolo, se un bolo peta nese ferro e sigue

rodando polo campo contarase onde quede, se da no ferro e se vai para fora non se considera pasado xa que o ferro é como unha prolongación da línea.

- O encargado de colocar os bolos na lastra é o lanzador que lle toca tirar inmediatamente despois.

- Os bolos teñen unha marca na lastra onde deben ser colocados, o lanzador pode mandar colocalos ben se nota que algún está mal colocado, pero sempre antes de realizar o tiro.

- Unha vez colocados os bolos na lastra non se pode alterar a súa orden. Só se repoiñerá o bolo ou bolos que foron tirados polo lanzador, o resto non se podrá cambiar.

- Se un bolo ou bola rompe (queda inutilizada) ó realizar a tirada o lanzador deberá repetir o tiro.

- En competición non se poden usar bolos que non sexan propias do campo de Santa Marta.

- No momento de realizar o tiro o campo ten que estar completamente libre (sen bolos, bolas, xogadores).

REGULAMENTO CAMPO DE BOLOS DE MEIRA

Emprazado na Vila de Meira (Lugo), no lugar de O Carballal. O campo está dividido en dúas pistas paralelas e valadas onde se practican dúas modalidades de pasabolo en liña: bolo celta e bolo canteiro en liña.

NORMAS BÁSICAS

1.- BOLOS EN LIÑA:

Campo, Fite, Lastra, Bolos e Bolas:

- O campo: superficie de polvillo pisado, vallada e divida en dúas zonas:
 - De lanzamento: fite e lastra (zona de 3 tantos)
 - De pasabolo: delimitada con liñas de puntuación de 10, 20, 30 e 40.
- Fite: é unha superficie rectangular, de granito, de 2 m de longo X 0,35 m de ancho X 0,05 m de alto.
- Lastra: superficie cadrada, tamén granítica, de 1,10 X 1,10 m, situada a 4,60 m do Fite, sobre a que se asentan 9 bolos separados e colocados en liña, marcada sobre ela con pintura.
- Os bolos son de madeira, dunha altura aproximada de 10 cm., en forma de lámpada e cunha só base de apoio.
- As bolas son de madeira de distintos tamaños, aínda que tamén se empregan de material máis resistente, como é o teflón.

Sistema de puntuación:

Tiro:

- Os bolos que saian totalmente da liña de bolos, marcada na lastra, e que non rebasen totalmente a primeira delimitación do campo (liña do 10) terán o valor de 3 tantos. Aqueles que pasen as liñas de 10, 20, 30, 40 terán o valor, en tantos, igual ao da zona na que queden asentados. Enténdese que un bolo pasa unha liña se a supera totalmente, polo que non pode haber ningún contacto visual, dende un plano vertical, entre a liña e o bolo.

- A zona de asentamento do bolo marca o seu valor en tantos. Por conseguinte, se un bolo rebota ou retrocede dunha zona a outra non inflúe no tanteo, agás se isto sucede na zona máis afastada (de 40) e se o rebote é contra a valla final que delimita o longo do campo.

- Se algún bolo sae polo lateral do patio de bolos (saltando ou traspasando a valla que o delimita) terá o valor en tantos da zona pola que abandonou o campo.

- Se a bola non supera totalmente a liña do 10, tódolos bolos derrubados perden o seu valor (chinada) e o xogador perde a opción de Birle.

Birle:

- Os bolos que saian totalmente da liña de bolos (caídos ou desprazados) terán o valor de 3 tantos.

Normas:

- O xogador, no momento de realizar o Tiro, deberá ter como mínimo un pé no Fite.
- O Birle ou Desquite farase dende detrás da liña do 10, sen pisar esta nin rebasala, e coa mesma bola coa que se fixo o Tiro.
- Se un bolo ou a bola rompe ao realizar o Tiro, a xogada queda anulada, polo que haberá que repetir o lanzamento.
- Se rompe un bolo no Birle, haberá que repetir este lanzamento, pero se é a bola quen rompe, haberá que repetir Tiro e Birle.
- O xogador non poderá cambiar de bola nunha mesma tanda de Tiros e Birles nas que se divida o xogo, agás se rompe a bola. Si poderá cambiar ao cambiar de tanda.
- Pódese mollar a bola, pero non a Lastra.
- A Lastra pódese limpar antes de proceder ao lanzamento, pero sen levantar os bolos asentados.
- Unha vez que estean os bolos asentados na Lastra, non se poderá alterar a súa orde. Só se repoñerán os bolos derrubados ou desprazados.
- O xogador lanzador, antes de realizar o Tiro ou o Birle, será o que deberá velar que o patio de bolos estea completamente libre de obstáculos ou os bolos ben colocados na Lastra.

2.- BOLO CELTA:

Campo, Fite, Lastra, Bolos e Bolas:

- O campo: superficie de polvillo pisado, valada e dividida en dúas zonas:
 - De lanzamento: fite e lastra (zona de 1 tanto)
 - De pasabolo: delimitada cunha liña de puntuación de 10 situada a unha distancia de 21 m. da Lastra.
- Fite: é unha superficie rectangular, de cemento, de 1,75 m de longo X 0,45 m de ancho X 0,30 m de alto.
- Lastra: superficie rectangular granítica de 1,50 X 0,50 m, situada a 5,90 m do Fite, sobre a que se asentán 18 bolos xuntos e colocados en liña, marcada sobre ela con pintura.
- Os bolos son de madeira en forma de bala e cunha só base de apoio.
- As bolas son de madeira de distintos tamaños, aínda que tamén se empregan de material máis resistente, como é o teflón.

Sistema de puntuación:

Tiro:

- Os bolos que saian totalmente da liña de bolos, marcada na lastra, e que non rebasen totalmente a liña de 21 m. terán o valor de 1 tanto. Enténdese que un bolo pasa unha liña se a supera totalmente, polo que non pode haber ningún contacto visual, dende un plano vertical, entre a liña e o bolo.

- Haberá corte. É dicir, no caso de caeren bolos salteados, contaránse os do lado de máis derribo.

- Os bolos que rebasen a liña do 10, terán o valor de 10 tantos.

- Se algún bolo sae polo lateral do patio de bolos (saltando ou traspasando a valla que o delimita) terá o valor en tantos da zona pola que abandonou o campo.

- Se a bola non supera totalmente a liña do 10, tódolos bolos derrubados perden o seu valor (chinada) e o xogador perde a opción de Birle.

Birle:

- Os bolos que saian totalmente da liña de bolos (caídos ou desprazados) terán o valor de 1 tanto. Haberá corte.

Normas:

- O xogador, no momento de realizar o Tiro, deberá ter como mínimo un pé no Fite.

- O Birle ou Desquite farase dende detrás da liña do 10, sen pisar esta nin rebasala, e coa mesma bola coa que se fixo o Tiro.

- Se un bolo ou a bola rompe ao realizar o Tiro, a xogada queda anulada, polo que haberá que repetir o lanzamento.

- Se rompe un bolo no Birle, haberá que repetir este lanzamento, pero se é a bola quen rompe, haberá que repetir Tiro e Birle.

- O xogador non poderá cambiar de bola nunha mesma tanda de Tiros e Birles nas que se divida o xogo, agás se rompe a bola. Si poderá cambiar ao cambiar de tanda.


- Pódese mollar a bola, pero non a Lastra.

- A Lastra pódese limpar antes de proceder ao lanzamento, pero sen levantar os bolos asentados.

- Unha vez que estean os bolos asentados na Lastra, non se poderá alterar a súa orde. Só se repórñerán os bolos derrubados ou desprazados.

- O xogador lanzador, antes de realizar o Tiro ou o Birle, será o que deberá velar que o patio de bolos estea completamente libre de obstáculos ou os bolos ben colocados na Lastra.

- A casuística non recollida neste regulamento será avaliada polo propio regulamento da Federación Galega de Bolo Celta.



REGULAMENTO DE BOLOS CAMPO O CADAVAL

1.- CAMPOS DE BOLOS:

- Bolo en liña.
- Bolo ó canteiro.
- Bolo de vianés.
- Bolo de Xove.
- Bolo celta.
- Outros

2.- NORMAS XERAIS:

1. Cada xogador disporá dos lanzamentos acordados en cada modalidade, evento deportivo, liga de bolos,...
2. A alternancia será a acordada en cada evento por modalidade (dúas, tres,...) que irán seguidas do escuche correspondente.
3. A zona de tiro está establecida (distancia e altura) e o xogador colocará os dous pés sobre o fite. Se así o desexa, no momento do lanzamento, pode dar un paso e lanzar. En caso de non acatar esta forma a súa puntuación será de cero tantos.
4. O escuche farase dende a primeira liña e dende calquera punto por detrás desta. Non se pode pisar a liña antes de lanzar. En caso de pisar antes de lanzar a puntuación será de cero puntos.
5. A bola no desquite irá polo chan a metade do traxecto. En caso contrario non acada puntos nese acto. Se hai liña marcada no chan.
6. Cada xogador pode elixir bola en cada grupo de tiradas sendo a mesma para o escuche.
7. Se a bola ou un bolo rompe repetirá xogada.
8. Os bolos estarán colocados na lastra no punto de cada modalidade, sempre dentro da zona correspondente:
 - Bolos de liña: en liña recta e no punto sinalado na lastra. Dez bolos.
 - Bolos de Xove: en liña e nos puntos sinalados. Dez bolos.
 - Bolos ó canteiro: en rombo e o canteiro no medio, nos puntos sinalados. Nove bolos.
 - Bolos de vianés: en liña recta, ondulada, mixta e nunca en dúas liñas dentro do recadro. Tampouco se permite uns enriba dos outros. Seis bolos.
 - Bolos celta e español: en liña e nos puntos sinalados. Vinte ou dezaioito bolos.

9. Se o lanzador, xogador ou xuíz considera que os bolos non están ben colocados o xuíz de mesa resolverá. A decisión do xuíz será acatada e continuará o xogo. Calquera outra incorrección tamén será advertida polo xuíz de mesa.
10. Todas as incidencias de discrepancia serán comunicadas ó presidente do campo de bolos e este resolverá. Constará en acta. A súa decisión será a definitiva.
11. Se o xogador non cumpre o disposto nas normas de xogo, perderá os tantos e o dereito na xogada da incidencia (lanzamento ou escuche). En caso de malos modos quedará eliminado.
12. Se a bola no lanzamento non pasa a primeira liña do campo, non se ten dereito ó escuche nin aos tantos acadados (sempre e cando o permita a modalidade ou as normas dos presidentes de clubs en acta).
13. As liñas de tantos sinaladas no campo con corda non se poden alterar (tirar por elas,...). Están simplemente para indicar tantos
14. Os Tantos serán os seguintes en cada modalidade:
- Bolo en liña: tres, dez, vinte e corenta. No escuche vale tres cada bolo.
 - Bolo de vianés: un, dez e vinte. No escuche vale un cada bolo.
 - Bolo de Xove: tres, dez e vinte. No escuche, tres cada bolo.
 - Bolo ao Canteiro: un, dez e vinte. Se sae soamente o canteiro: dez, vinte e corenta segundo as liñas do campo.
 - Bolo celta ou español: un e dez. No escuche cada bolo vale un.
- 17.- Os tantos serán os puntos por onde sexa o bolo ou queda no campo. Sempre s quedada definitiva marca os tantos.
- 18.- O punto de quedada da bola será o definitivo e dará ou quitará valor para o escuche..
- 19.- A bola terá que pasar a primeira liña para ter dereito ó escuche. Non pode tocar o cordón. En caso de que rebase a liña e non toque cordón, será válida aínda que a súa circunferencia o faga. En casos acordados disporá o presidente do club,...
- 20.- Nos tantos dos bolos en liña, vianés, canteiro contarán todos os caídos.
- 21.- No bolo de Xove, español e celta soamente conta no punto onde hai máis caídos.
- 22.- O bolo para acadar un tanto maior pasará a liña na súa totalidade. No caso dos bolos en liña porase o bolo de pé no sentido de quedada e en caso de pasar a liña acadará a puntuación maior. Bolo en liña, ten a súa normativa.
- 23.- Os bolos caídos na lastra contarán todos tendo en conta a modalidade ou o corte.

24.- Un bolo dereito na lastra acadará puntuación se está fora do lugar de colocación. En caso de estar arrimado non ten valor.

25.- O espazo entre liña de tantos será o establecido para cada modalidade nos campos Cadaval. A modalidade de bolo celta ou español teñen a súa normativa propia.

26.- No momento de lanzamento ou escuche non se permanecerá enriba da lastra ningún xogador. En caso de facelo o lanzador perde os tantos nese acto de lanzamento.

27.- Os bolos serán colocados polos xogadores de en agarda de tiro do mesmo equipo. En calquera caso o presidente do equipo pode decidir quen coloca.

28.- Dentro do campo só estarán os xogadores que tiran, colocan e recollen e tamén un anotador por equipo, se é o caso, e un controlador de liña de equipo contrario si así o desexan.

29.- Os bolos e bolas serán recollidos polos xogadores que están en espera para lanzar.

24 de xaneiro de 2007

O Presidente: Mario Saavedra Pérez.

BOLOS EN REMOURELLE

REGRAS BÁSICAS DE XOGO DOS BOLOS EN REMOURELLE

O orde de lanzamento dos participantes é alternativo, non podendo un lanzador realizar os seus lances varias veces seguidas.

O fite situase aproximadamente a 5 mts da finqueira.

Hai unha linia a 10 mts e outra a 20 mts marcadas con un cordel.

Ó lanzador que lle toque colocarse no fite e poderá dar un paso hacia diante no mesmo momento de lanzar si así o precisa, debendo manter sempre un pé apoiado no fite mentras está lanzando. No caso de que se fixera o lance de forma incorrecta, anúlase a tirada e maila puntuación conseguida, pasando o turno ó seguinte.

O encargado de colocar os bolos na finqueira é o xogador que lle toca lanzar na próxima tirada

Os bolos serán marcados na finqueira, e os mesmos deberán estar colocados nas suas marcas. Calquera xogador pode comunicarlle o comité arbitral que os bolos están mal colocados, pero deberán facelo sempre antes de que o lanzador realice o seu lance, e nunca despois de haber lanzado. Si os arbitros así o apreciasen poden ordear colocar de novo os bolos.

En calquera situación **extrana, anormal**, ou que fora mal apreciada, o comité arbitral pode decidir repetir o lanzamento.

SISTEMA DE PUNTUACION

Xógase a suma de dúas modalidades "en liña" e "o canteiro"

Cada xogador fará 4 tiradas en cada unha das especialidades resultando campión a puntuación maior resultante da suma de ámbolas modalidades.

Escoménzase pola modalidade bolos en liña, facendo as catro tiradas correspondentes e termíñase con bolos ó canteiro facendo as catro últimas tiradas.

Hai bolas de diferentes tamaños e cada xogador pode escoller a que mais lle guste. Non se pode mollar adrede a bola


BOLOS EN LIÑA

Colocanse 10 bolos que se tocan entre si.

Cada bolo derrubado ou desprazado suma 1 punto, agás aqueles que superen as marcas do "10" e mais do "20" que sumará cada un deles a cifra correspondente a marca que superaron (10 puntos ou 20 puntos)

No caso de que a bola non supere a marca do "10" non se suma ningún punto, esta acción denomínase "chinar".

No caso de que un bolo quede tocando un dos cordeles que delimitan o "10" e o "20" considérase que non pasou a liña (aínda que a maior parte do bolo a pasase). Igual sería para a bola na raia do "10"




BOLOS Ó CANTEIRO

Colocanse 9 bolos situados como se ve no dibuxo seguinte.

Si se tira solamente o bolo denominado "CANTEIRO" este bolo sumara da seguinte maneira: Si non supera a línea do "10" suma 10 puntos, si supera a marca do "10" suma 20 puntos, e superando a do "20" suma 40 puntos. Si cae algun bolo mais canda o "CANTEIRO" a puntuación e a seguinte: Cada bolo derrubado ou desprazado suma 1 punto, agás aqueles que superen as marcas do "10" ou do "20" que sumará cada un deles a cifra da marca que superaron (10 puntos ou 20 puntos).

Este xogo premia claramente o conseguir tirar solo o canteiro.

NOTA: en canto as accións de "chinar" mantéñense as mesmas condicións que nos bolos en liña.



O BOLO CANTEIRO SERIA O QUE APARECE DE ROJO

XOGO DE BOLOS EN LIÑA:


Esta modalidade de bolos é orixinaria dos concellos de Ribadeo, Barreiros, Foz, Trabada, etc.

Consta de doce bolos colocados en liña enriba da pedra boleira, a cal está situada a unha distancia entre sete e oito metros de outra pedra máis pequena, chamada fite, que é donde se pón o xogador de pé para facer o lanzamento.

A unhos quince metros por diante da pedra boleira atópase a liña do dez, ou liña de tantos, que é donde tén que chegar a bola para que a puntuación sexa válida.

Os bolos que sobrepasen dita liña valen dez tantos cada un.

Si a cancha de xogo o permite, colocase outra liña de tantos a unhos quince metros da primeira, chamada liña do vinte, que é a puntuación que acada cada bolo que a sobrepase.



Un feito diferencial con respecto a outras modalidades de bolos, e a posición da pedra boleira, que acostuma poñerse lixeiramente levantada da parte traseira, co obxecto de despedir mellor os bolos.

Os bolos teñen forma de tonel, son feitos de madeira, e miden unhos oito centímetros de alto e seis centímetros e medio de diámetro na súa parte máis ancha.

As bolas tamén son feitas de madeira, o máis redondas posible, e teñen un diámetro que oscila entre os doce e os dezaseis centímetros.

As partidas acostuman a ser individuais a cinco tiradas alternas entre todos os xogadores, e resulta gañador o xogador que máis tantos acade na suma das cinco tiradas.



OS BOLOS EN XOVE

LAS BOLERAS

Pueden ser de hierba, tierra, cemento, asfalto, etc.

Tienen que tener unas medidas aproximadas de 20 x30 m.

Hay una línea situada a 10 mts de la "finqueira" y otra a 20 mts, marcadas con un cordel (paralelo a finqueira).




EL PASO:

Es el sitio desde donde se lanza y puede ser una piedra o un madero con una altura aproximada de 20 cm.




LA "FINQUEIRA"

Es una piedra clavada en el suelo de unos 100 cm de largo por 60 de ancho.
Esta situada a una distancia de 4 a 4,5 mts del paso
Tiene 10 bases excavadas para colocar los bolos. (ver fotos)



LAS BOLAS



Las bolas son de diferentes tamaños, aunque se intenta que sean de 170 mm ó de 155 mm de diámetro (ver foto)



LOS BOLOS

Tienen unos 115 mm de alto y forma de barril (50 mm/65 mm) (ver foto)

agua para que cojan peso. Con el uso sufren un proceso similar a las bolas, por lo cual hay que cambiarlos cuando se deterioran.



FORMA DE JUGAR

Cada jugador tirada (tirada y desquite) 3 veces y ganará aquel que sume más puntos en las 3 tiradas.

TIRADA

El jugador que va a tirar será el encargado de colocar los bolos en sus bases.

Se hace desde el PASO en dirección a las líneas del 10 y del 20. Para hacer la tirada el jugador se coloca en el paso, coge la bola y la lanza en dirección a los bolos.

En el momento de iniciar la tirada es obligatorio que un pie o los dos estén tocando el paso, sino la tirada será nula.

Cada jugador puede tirar con cualquiera de las bolas que haya en ese momento en la bolera. Lo único que no puede hacer es mojar la bola.

DESQUITE.

Se hace en sentido inverso a la TIRADA y para realizarlo hay que colocarse por detrás de la línea del "10".

Se puede desquitar desde cualquier parte de la línea del "10" con la condición de que en ningún caso se podrá pisar esta línea o sobrepasarla con el pie, hasta que la bola traspase la línea de colocación de los bolos en la finqueira. En el caso de que el jugador pise la línea del "10" o la traspase se considerará nulo el desquite y obtendría cero puntos.

PUNTUACION


Cada bolo caído en la TIRADA vale 3 PUNTOS y cada uno de los bolos que sobrepase la línea del "10" ó la línea del 20 valdrá 10 ó 20 PUNTOS respectivamente.

Para que la tirada sea correcta la bola tiene que traspasar TOTALMENTE la línea del 10 (si no llega al cordel ó lo está tocando se considera que el jugador a chinado y se le apuntarán 0 PUNTOS y no tendrá derecho al desquite)

Esta regla se aplica también a los bolos.

Cada bolo tirado en el DESQUITE vale 3 PUNTOS.

En el caso de que los bolos caídos no estén seguidos (es decir que quede alguno de pie en medio de los caídos) se contarán los que haya en el lado donde han caído más (ver foto)



En la fotografía anterior vemos que entre los bolos caídos quedó un bolo en su base, habiendo caído 4 bolos hacia un lado y 2 hacia el otro; en este caso no se contabilizan los 6 bolos caídos, sino que se contabilizan los bolos de la parte de donde hayan caído más. en este caso contabilizaríamos los 4 de la izquierda y los dos de la derecha no contabilizarían.

En el caso de romperse la bola en la tirada habrá que repetir la tirada (lo mismo si es un bolo el que se rompe). Si un bolo se extravía bastará con sustituirlo para seguir jugando siempre y cuando este clara la puntuación de ese bolo.

6

**PRACTICAS
DO
XOGO**